

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

**Pola Xunta de Galicia**

Don Javier Enrique Fraga Campo

**Polo Consello Consultivo**

Dona Ana María López Guizán

**Polo Consello de Contas**

Dona Isabel García Garrido

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Dona Lucía González Louro

**Secretario:**

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 1 de xullo de 2019, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 24 de xuño de 2019, ten lugar a XXXIII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1º.- Saúda**

O presidente inicia a sesión cunha benvida aos membros e desculpa a inasistencia da Presidenta por ter que acudir a un acto na súa condición de Valedora do Pobo. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

**2º.- Aprobación, se procede, da acta da**

**sesión do 4 de xuño de 2019.**

Constátase o envío da acta da sesión XXXII. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

**3º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados**

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/67/19	Desestimada
RSCTG/69/19	Desestimada
RSCTG/72/19	Arquivo por desistencia

Nº	Sentido
RSCTG/82/19	Inadmitida
RSCTG/84/19	Estimada Formal
RSCTG/87/19	Estimada

RSCTG/73/19	Inadmitida		RSCTG/89/19	Desestimada
RSCTG/75/19	Estimada Formal		RSCTG/90/19	Inadmitida
RSCTG/80/19	Inadmitida			

Respecto do expediente RSCTG 71/19, acordase solicitar á Consellería de Sanidade a emisión dun informe complementario, e someter o expediente novamente a estudo na vindeira sesión.

#### 4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 19 de setembro de 2019 ás 12.00 horas.

#### 5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 14.10 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.



Santiago González Serrano  
Secretario da Comisión da Transparencia